



## Convocatoria de Cursos CELGA 1 en liña

### Destinatarios:

Esta convocatoria está dirixida a todas as persoas maiores de 16 anos con coñecementos informáticos a nivel de usuario e que estean interesadas en preparar a proba do Celga 1 que terá lugar en Santiago de Compostela e Ponferrada no mes de xuño de 2017.

Antes de presentar a solicitude cómpre ter en conta o seguinte:

- Trátase de cursos de nivel elemental de lingua, pensado para persoas que non teñen ningún coñecemento de galego.
- Os cursos son voluntarios e gratuítos, non darán dereito a certificado de ningún tipo nin a ningunha acreditación de horas.

### Datas do curso:

17 de abril – 9 de xuño (8 semanas)

### Desenvolvemento dos cursos:

Está previsto a realización de dous cursos, pero este número pode variar en función da demanda existente. Cada curso contará cun número aproximado de 50 persoas. Desenvolverase baixo a modalidade de “en liña”.

### Matrícula:

As persoas que desexen participar nestes cursos deberán enviar unha mensaxe electrónica ao enderezo [sxpl.formacion@xunta.gal](mailto:sxpl.formacion@xunta.gal) Non será admisible outra forma de inscrición.

Na mensaxe que envíen indicarán:

- **Nome e apelidos**
- **DNI con letra**
- **Enderezo electrónico e teléfono de contacto**
- **Lugar de residencia**
- **Nivel de estudos**

As persoas solicitantes destes cursos deberán dispor dun equipo informático que cumpra, como mínimo, os seguintes requisitos técnicos:

- Conta de correo electrónico
- Ordenador con conexión á Internet
- Navegador web co *plugin* de flash



### **Prazo de matrícula:**

Do 9 ao 23 de marzo de 2017 ambos os dous incluídos.

### **Criterios de selección:**

A selección farase por rigorosa orde de matrícula e ata cubrir o número aproximado de 50 persoas por curso. Farase unha listaxe de agarda, no caso de que as solicitudes superen o número de persoas admitidas para os cursos. As persoas desta listaxe serán chamadas, na segunda semana do curso, no caso de que se dea de baixa algún alumno/a da lista de admitidos.

### **Causas polas que as persoas matriculadas serán dadas de baixa:**

As persoas que en principio figuren como admitidas aos cursos serán dadas de baixa:

- Se nos primeiros tres días do curso non acceden á plataforma.
- Se na primeira semana do curso non teñen realizadas todas as tarefas da primeira unidade didáctica.

### **Teléfonos información:**

881996313 – 881996310 – 881996308

### **Publicación da relación das persoas seleccionadas e convocatoria para a presentación dos cursos:**

A listaxe de admitidos, cos grupos de cada curso farase pública na páxina web [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal).

A listaxe estará codificada da seguinte maneira: primeira letra do nome, primeira letra do 1º apelido, primeira letra do 2º apelido, tres últimas cifras do DNI (exemplo: Xoán Carlos Álvarez Fontás 76789863, terá como código: **XAF863**).

Antes do comezo do curso o titor ou titora comunicárase por correo electrónico cos alumnos e alumnas admitidos.

Coa inscrición a persoa solicitante dá o seu consentimento para tratar os seus datos no expediente da convocatoria do curso de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017  
Secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez